



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

**MOCIÓN PARA A RENEGOCIACIÓN DO CONTRATO
COA EMPRESA V.D.P. PARA A PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE TELEVISIÓN LOCAL**

Considerando:

Que hai sete anos asinouse unha relación contractual entre a empresa V.D.P. e o Concello para a prestación do servizo de Televisión Local no concello de Teo.

Que as condicións de partida consideradas no propio contrato teñen mudado significativamente, o mesmo que as características da poboación á que se dirixe ese servizo.

Que son numerosas as críticas que se deixan sentir sobre a oferta ofrecida pola TV de Teo -naqueles sitios que teñen a posibilidade de vela-, tanto no que se refire aos pobres contidos como ás características da canle pola que se ofrece, que provocan que se identifiquen as emisións de Tele Teo cos xogos de azar e as predicións do horóscopo.

Que o grupo municipal do BNG cre chegado o momento de facer unha reflexión pausada e plural entre todos os grupos da corporación para debater que queremos que sexa a TV local, que función debe cumprir, que custo pode e debe asumir o Concello, etc.

Que o contrato finaliza o 31 de outubro de cada ano pero é renovable automaticamente se ningunha das dúas partes así llo comunica á outra con dous meses de antelación

Consecuentemente, o Grupo Municipal do B.N.G propón a adopción do seguinte acordo:

1. Que na primeira semana de setembro se convoque a *Comisión de Educación e Cultura* coa fin de iniciar o debate sobre a función da TV local, as bases dun Regulamento de funcionamento, os custos asumibles polo Concello, as cláusulas do novo contrato, e todo aquilo que sobre este tema decidan propoñer os concelleiros/as que forman a Comisión. Esta Comisión celebrará as reunións que considere oportunas, incluíndo xuntanzas cos responsables da empresa VDP, para elaborar, se é posible, unha proposta consensuada ou, no seu defecto, decidida pola maioría.
2. Unha vez rematados estes traballos (a ser posíbel antes do 31 de outubro), a *Comisión* presentará as súas conclusións diante do Pleno que as someterá a votación. A Comisión pode propoñer a sinatura dun novo contrato coa empresa VDP (baseado nos acordos

tomados pola Comisión) ou ben, se esta empresa non se mostrase interesada en ofertar o servizo, a ruptura definitiva do contrato e a convocatoria dun novo concurso público para a cobertura do servizo.

3. Que para a terse ós prazos contractuais previstos, antes do 31 de xullo se comunique por escrito á empresa V.D.P. a decisión deste pleno de renegociar o contrato. Mentras non remate esta negociación, a prestación do servizo manterase nas mesmas condicións que na actualidade.

En Teo a 4 de Xullo do 2004

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO